

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 13 de maio de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á organización de competicións, exhibicións e feiras para a conservación, mellora e fomento da gandaría en Galicia, e se convocan para o ano 2008.

Para desenvolver as liñas marcadas no Programa de mellora gandeira de Galicia é precisa a regulación de axudas concretas destinadas, por unha banda, a prestar o apoio técnico necesario ao sector gandeiro, cos obxectivos de mellorar a súa eficacia e profesionalidade, contribuíndo á súa viabilidade a longo prazo e fomentando o mantemento e a mellora da calidade xenética do gando galego, sen afectar as condicións da competencia. Neste senso estase a desenvolver a medida 7.8.3. Mellora integral da eficacia dos sistemas produtivos gandeiros e o seu contorno, dentro do Programa operativo integrado de Galicia 2000-2006, aprobado pola Decisión da Comisión C(2001) 246, nº CCI:2000.ES.16.1.PO.011 do 7 de marzo de 2001.

As actividades para subvencionar enmárcanse no disposto nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario e forestal 2007-2013 (2006/C 319/01), tendo en conta o Regulamento (CE) 1320/2006, polo que se establecen normas para a transición á axuda ao desenvolvemento rural establecida no Regulamento (CE) 1698/2006 do Consello.

As actividades para a conservación, mellora e fomento da gandaría galega serven para prestixiar o labor das gandarías acollidas nos programas de mellora gandeira de Galicia, para o fomento e difusión dos animais destas razas, o que axuda na comercialización dos animais e dos seus produtos, permitindo alcanzar unha maior eficacia na produción e unha maior rendibilidade das explotacións gandeiras.

En consecuencia, de acordo co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire o artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as competencias que me confire a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a Lei 2/2007, do 28 de marzo, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

DISPOÑO:**Artigo 1º.-Obxecto da orde.**

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras das axudas destinadas á organización de competicións, exhibicións e feiras para a conservación, mellora e fomento da gandaría en Galicia.

2. As bases reguladoras publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web oficial da Consellería do Medio Rural.

3. Así mesmo, por medio desta orde convócase a devandita axuda para o ano 2008.

Artigo 2º.-Obxecto da axuda.

Esta axuda, tramitada a través do procedemento de concorrencia competitiva con rateo, para organización de competicións, exhibicións e feiras para a

conservación, mellora e fomento da gandaría en Galicia, ten como finalidade:

1. O aumento da rendibilidade das explotacións gandeiras galegas, da súa viabilidade e do nivel de vida dos gandeiros.

2. A modernización do sector gandeiro galego en materia de xenética, sanidade e produción animal.

3. A mellora da eficacia dos sistemas produtivos agrarios e das calidades nas súas producións.

4. A optimización na utilización das oportunidades e recursos dispoñibles.

5. A fixación de poboación, especialmente da mocidade, no medio rural.

6. Favorecer a profesionalización do sector gandeiro galego.

Artigo 3º.-Beneficiarios e requisitos.

Poderán acollerse ás axudas, descritas nesta orde, as CMVMC, organizacións ou asociacións de criadores ou as súas federacións de ámbito autonómico, provincial ou local e outras entidades sen ánimo de lucro, relacionadas co sector agrario que desenvolvan actividades con concesión de carácter internacional polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que cumpran os requisitos seguintes:

a) Carecer de ánimo de lucro.

b) Que estean ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

c) Deberán acreditar unha representatividade, xustificando que na súa actividade polo menos o 50% das explotacións en ámbito xeográfico en que a desenvolven pertence á entidade solicitante.

Artigo 4º.-Gastos subvencionables.

Para a organización de competicións, exhibicións e feiras, os conceptos financiábles serán:

1. Gastos do lugar, local ou instalacións en que se efectúa, incluídos alugueres ou tributos de todo tipo e os custos correntes.

2. Custos de persoal ou asistencia técnica para o desenvolvemento dos eventos.

3. Custo de publicacións e publicidade.

4. Determinados premios en metálico ao gañador de cada categoría.

5. Transporte de ida e volta e estancia dos animais.

6. Seguros.

Artigo 5º.-Contía das axudas.

1. O importe da subvención non poderá superar o 80 % do gasto, nin poderá exceder os 100.000 euros ao longo de tres exercicios fiscais.

2. As contías máximas para a realización de cada actividade por entidade solicitante son as seguintes:

a) O importe subvencionable dos premios en metálico para os gañadores: 250 euros por premio.

b) O importe subvencionable por competición, exhibición ou feira: 5.000 euros.

c) O importe subvencionable por entidade solicitante: 25.000 euros.

Artigo 6º.-Solicitudes e prazo de presentación.

1. As solicitudes presentaranse segundo o modelo adxunto, no anexo I, e deberá ir debidamente cubertas e asinadas polo solicitante ou representante.

Presentaranse nos rexistros dos órganos dependentes da Consellería do Medio Rural, ou nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, a calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio, ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de envío por correo, farase de acordo co regulamentariamente previsto no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e da liberalización dos servizos postais, que se presentará en sobre aberto, co obxecto de que na cabeceira da primeira folla do documento que se queira enviar se faga constar, con claridade, o nome da oficina e a data, o lugar, a hora e minuto da súa admisión.

2. Se a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros que poden ser reparados, requirirase o responsable para que no prazo de dez días hábiles, desde o seguinte ao de recepción do requirimento, emende o defecto ou xunte os documentos preceptivos, con advertencia de que, se non o fixese, terase por desistido da súa solicitude tras a resolución, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A Consellería do Medio Rural poderá solicitar dos peticionarios toda a información e xustificacións técnicas e económicas que considere necesarias, co obxecto de comprobar a realización das actuacións subvencionables e os custos derivados.

3. Á solicitude xuntaráse a documentación que a seguir se relaciona:

-Acreditación da personalidade xurídica da entidade solicitante e os seus estatutos.

-Acreditación da representatividade do solicitante.

-Fotocopia cotexada do número ou código de identificación fiscal.

-Certificado orixinal da entidade financeira sobre a titularidade da conta en que se solicita o ingreso do importe da axuda.

-Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto, segundo o modelo establecido no anexo II desta orde.

-Memoria do programa de actuación que se pretende desenvolver, obxectivos, orzamento pormenorizado e prazo de execución.

4. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do computo entenderáse que o prazo expira o último do mes.

Artigo 7º.-Autorización.

A presentación da solicitude de concesión de axuda polo interesado implicará a autorización á Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia. Así mesmo, de acordo co establecido na disposición primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

Artigo 8º.-Tramitación e resolución.

1. O órgano competente para a instrución e tramitación do procedemento é a Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria. A resolución do expediente correspóndelle ao conselleiro do Medio Rural, por proposta do director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

2. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado da valoración das solicitudes de axuda, así como de emitir o informe de avaliación efectuada. A comisión de valoración estará formada por: presidente, o subdirector/a xeral de Gandaría; vogal, o/a xefe de Servizo de Planificación Gandeira; e secretario, o/a xefe de Servizo de Producións Gandeiras. A comisión de valoración presentará o informe coa valoración das solicitudes para que a Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria formule a proposta de resolución ao conselleiro do Medio Rural.

3. O conselleiro, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona, así como a axuda concedida e a súa contía ou, se é o caso, a causa de denegación.

4. A Consellería do Medio Rural notificará a resolución nun prazo máximo de nove meses a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG. A falla de notificación no dito prazo poderase entender desestimatoria das peticións de axuda.

5. Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá presentarse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación ou ben,

alternativamente, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación.

Artigo 9º.-Concurrencia e acumulación de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

1. Xunto coa solicitude inicial, os peticionarios das axudas presentarán unha declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionables, segundo o modelo establecido no anexo II desta orde.

2. En calquera caso, coas xustificacións, se houberse modificación da declaración anterior, o peticionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Artigo 10º.-Control da execución dos programas.

1. A comprobación da execución dos programas levarao a cabo a Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, realizando inspeccións do 100% dos beneficiarios, co fin de contrastar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como a realización das actividades subvencionadas.

Se como consecuencia dos controis se detectasen incumprimentos na execución dos programas e actuacións obxecto das axudas en aspectos relevantes para a súa efectividade, aplicaranse deducións sobre as axudas aprobadas.

2. Tipos de incumprimentos e modificación da axuda:

-Cando non se cumpra: 1-25% do programa aprobado, suporá unha perda ata do 50% da axuda.

-Cando non se cumpra: 26-50% do programa aprobado, suporá unha perda ata do 75% da axuda.

-Cando non se cumpra: 50-100% do programa aprobado, suporá unha perda ata do 100% da axuda.

Artigo 11º.-Modificación das axudas.

1. As subvencións a que se refire esta orde consideraranse subvencións máximas e poderán ser reducidas, por proposta da Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, cando exista concurrencia doutras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ou doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionables.

2. O pagamento da subvención realizarase con xustificación previa, polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxecto ou adopción do comportamento para o que se concedeu, nos termos establecidos nesta orde.

3. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, no suposto de falla de xustificación ou de concurrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ou doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 12º.-Reintegro da axuda, obriga de facilitar información e réxime sancionador.

1. O interesado ten a obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida xunto cos xuros de demora devindicados desde o seu pagamento nos supostos de incumprimento, como recolle o artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Así mesmo, ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como as que lle solicite calquera órgano comunitario de inspección ou control.

3. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior e na normativa comunitaria aplicable, aos beneficiarios das axudas reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 a 68 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13º.-Réxime de incompatibilidades.

1. As subvencións serán compatibles con calquera outra que poidan conceder outras administracións públicas, entes públicos adscritos ou dependentes delas, tanto nacionais como internacionais, e outras persoas físicas ou xurídicas de natureza privada, coa excepción das previstas na normativa autonómica galega vixente pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento das razas autóctonas en perigo de extinción.

2. Non obstante, a obtención concorrente de axudas outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, cando o importe total das subvencións percibidas por cada beneficiario supere o custo de toda a actividade que se vaia desenvolver para o período de que se trate, dará lugar á redución que corresponda no importe das subvencións reguladas nesta orde ata axustarse a ese límite.

Se aínda así a suma de subvencións supón unha intensidade da axuda superior ás porcentaxes máximas establecidas no artigo 5 ou na normativa estatal ou comunitaria aplicable, reducirase ata o citado límite.

Artigo 14º.-Xustificacións.

1. As xustificacións técnicas e económicas da realización do programa deberán presentarse antes do 15 de novembro, preferentemente no rexistro da

consellería, das súas delegacións provinciais ou nas oficinas agrarias comarcais. Así mesmo, poderán presentarse nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Achegaranse os xustificantes orixinais de investimento total, unha relación informatizada destes e unha memoria explicativa sobre a realización do programa auxiliado, que probe a entrega efectiva dos produtos ou a prestación efectiva dos servizos. Para cada concepto, presentarase unha táboa comparativa entre os gastos realizados, debidamente xustificadas, e os presentados no orzamento inicial.

2. Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado, de xeito que aqueles gastos presentados en que non se xustifique o seu pagamento mediante transferencia bancaria teranse que xustificar do mesmo xeito no momento en que se realicen, para que a axuda se poida pagar. Por regra xeral, os pagamentos realizados polo beneficiario final deberán xustificarse mediante facturas orixinais pagadas. Nos casos en que isto non sexa posible, os pagamentos xustificaranse por medio de documentos contables de valor probatorio equivalente.

3. De acordo co artigo 28, punto 6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

4. De acordo co artigo 29, punto 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros, no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben agás que, polas especiais características dos gastos subvencionables, non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten ou agás que o gasto se realícase con anterioridade á solicitude da subvención.

5. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía e debe xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Artigo 15º.-Financiamento.

1. As axudas que deriven da aplicación desta orde financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións

orzamentarias dos proxectos de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008:

11.03.713-C.781.0: 9.765,66 euros.

11.03.713-C.780.1: 10.448,68 euros.

11.03.713-C.780.2: 21.119,64 euros.

11.03.713-C.780.3: 87.814,56 euros.

A concesión da axuda someterase á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

Estas axudas son cofinanciadas polo Feoga-Orientación nun 75%.

2. Así mesmo, os importes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia con que se financiarán estas axudas poderanse incrementar con fondos estatais ou autonómicos achegados para o efecto.

Disposicións adicionais

Primeira.-En todas aquelas cuestións non previstas nesta orde será de aplicación o disposto nos artigos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segunda.-As axudas reguladas por esta orde rexeranse polas normas comunitarias aplicables e, concretamente, Regulamento (CE) 1320/2006, polo que se establecen normas para a transición á axuda ao desenvolvemento rural establecida no Regulamento (CE) 1698/2006 do Consello.

Terceira.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Así mesmo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar as normas necesarias para o mellor cumprimento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2008.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I



UNIÓN
EUROPEA
—
FEOGA



PROCEDEMENTO AXUDAS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE COMPETICIÓN, EXHIBICIÓN E FEIRAS PARA A CONSERVACIÓN, MELLORA E FOMENTO DA GANDARÍA EN GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR535A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

ENTIDADE				NIF	
ENDEREZO				PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	

E, na súa representación:

APELIDOS		NOME		NIF	
ENDEREZO				PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	

DATOS BANCARIOS

BANCO		OFICINA			
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA		

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- FOTOCOPIA COTEXADA DO CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL
- ACREDITACIÓN DA PERSONALIDADE XURÍDICA DA ENTIDADE SOLICITANTE
- COPIA COTEXADA DOS ESTATUTOS DA ENTIDADE SOLICITANTE
- ACREDITACIÓN DA REPRESENTATIVIDADE DO SOLICITANTE
- CERTIFICADO ORIXINAL DA ENTIDADE FINANCEIRA SOBRE A TITULARIDADE DA CONTA EN QUE SE SOLICITA O INGRESO DO IMPORTE DA AXUDA
- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU CALQUERA DOS SEUS ORGANISMOS, ENTES OU SOCIEDADES, ASÍ COMO DOUTROS INGRESOS OU RECURSOS QUE FINANCIEN O PROXECTO OU, SE É O CASO, CUBRIR, DEBIDAMENTE ASINADA, A DECLARACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO II
- MEMORIA DO PROGRAMA DE ACTUACIÓN QUE SE PRETENDE DESENVOLVER, OBXECTIVOS, ORZAMENTO PORMENORIZADO E PRAZO DE EXECUCIÓN

O/A abaixo asinante, en representación da entidade solicitante, declara que ten coñecemento da normativa reguladora desta axuda e dos compromisos que asume a entidade e cada membro DEL, no cumprimento do programa proposto. E, polo tanto, solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do 13 de maio de 2008, da Consellería do Medio Rural, pola que se establecen axudas destinadas á organización de competicións, exhibicións e feiras para a conservación, mellora e fomento da cabana gandeira en Galicia.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 13 de maio de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á organización de competicións, exhibicións e feiras para a conservación, mellora e fomento da gandería en Galicia, e se convocan para o ano 2008.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA

ANEXO II

Don/Dona , en nome propio ou en representación
da entidade con DNI ou CIF da entidade
e enderezo en

DECLARO:

Que non solicitei e non se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como non existir outros ingresos ou recursos que financien o proxecto.

Que solicitei e se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como outros ingresos ou recursos que financien o proxecto

_____, de _____ de _____

Asdo.:

**CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE**

Corrección de erros.-Orde do 11 de abril de 2008 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para os concellos de Galicia con menos de 50.000 habitantes e as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

Advertidos erros na devandita orde, publicada no DOG nº 86, do martes 6 de maio de 2008, é necesario efectuar a seguinte corrección no punto I do artigo 4º, onde di: «deberán presentar a correspondente solicitude no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da publicación desta orde», debe dicir: «deberán presentar a correspondente solicitude no

prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde».

Corrección de erros.-Orde do 17 de abril de 2008 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a fundacións, asociacións e institucións culturais, con ámbito de actuación supraprovincial e que desenvolvan as súas actividades en Galicia, para o seu funcionamento e a realización de programas culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

Advertidos erros na devandita orde, publicada no DOG nº 92, do mércores 14 de maio de 2008, é necesario efectuar a seguinte corrección no punto I